

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE MAIO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00022697L.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local ordinaria do 13 de maio e extraordinaria e urxente do 15 de maio.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00037324E.

Licenza de obras para a execución dun novo peche da parcelas na rúa Mira 42 Lamas de Amio 3.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Manuel Varela Caabeiro de data de visado do 04/08/2023 e documentación presentada o 04/12/2023 cun orzamento de execución material de 25.650,00 €, a execución dun novo peche da parcelas na rúa Mira 42 Lamas de Amio 3 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00009562E.

Licenza de obras para a execución dunha vivenda unifamiliar na rúa Juan Uría Riu 5.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Álvaro Marín Durán e Alfonso Castro Lorenzo de data de visado do 31/05/2022 mais documentación de data de visado do 03/05/2023 e do 15/01/2024, cun orzamento de execución material de 177.974,23 €, a execución dunha vivenda unifamiliar na rúa Juan Uría Riu 5 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2278/2011.

Licenza de obras para a construción dunha vivenda familiar na rúa de Vista Alegre, 52.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico visado o 01/04/2013 e o de execución modificado visado o 27/06/2023 e documentación técnica complementaria (memoria e planos modificados) redactados polo arquitecto Alberto Blanco Morales de data de visado do 11/01/2024, cun orzamento de execución material de 104.100,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa de Vista Alegre, 52 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00043992M.

Licenza obras de demolición, ampliación e reforma de edificación para uso de pensión na RÚA MUROS, 154.

Acórdase conceder licenza de obras de demolición, ampliación e reforma de edificación destinada a pensión na RÚA MUROS, 154, con referencia catastral 1272302NH3417C0001UE, segundo Proxecto básico redactado polo arquitecto Francisco Castro Fernández, co visado colexial de 15/09/2021 e anexos con visado colexial de data 18/10/2022 e 28/12/2023, cun orzamento de execución material de 83.415,90 €.

As actuacións consistirán na demolición de edificación auxiliar de 62,39 m² e a ampliación e reforma de edificación de tres plantas cunha superficie construída total de 607,70 m², e ocupación en planta de 235,40 m² para uso de pensión con 24 habitacións.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00028850N.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza para a construción de vivenda familiar illada na rúa Agra da Garrida, 26-30.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 14 de novembro de 2023 outorgada ante o notario don Manuel Remuñán López, co número de protocolo 2173 .

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitectos Álvaro Marin Durán e Alfonso Castro Lorenzo de data de visado do 23/01/2024, cun orzamento de execución material de 229.147,50 €, a construción dunha vivenda unifamiliar situada na rúa da Agra da Garrida 26-30 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00060066W.

Aceptar cesión de viario e conceder licenza proxecto básico de construción vivenda familiar en LG de Igrexa, San Cristovo de Enfesta.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 27 de febreiro de 2023, outorgada ante o notario don Marcelino Estévez Fernández, co número de protocolo 239 .

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e redactado polo arquitecto Francisco José Vázquez González presentado na data 30/12/2021 e a documentación complementaria presentada nas datas 22/02, 13/05, 16/12/2022 e 17/03,27/05,15/11/2023 e o 11/01/2024, cun orzamento de execución material de 178.000,00 €, a construción de vivenda unifamiliar na finca sita en Lugar de Igrexa, San Cristovo de Enfesta Santiago de Compostela (A Coruña).

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00018861R.

Licenza de obras de reforma da cuberta no patio traseiro e a mellora da envolvente térmica no edificio sito na rúa das Corredoira das Fraguas, 16.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execucion redactado polo arquitecto Alberto Mera Castro presentado o 13/03/2024, cun orzamento de execución material de 29.858,40 €, obras de reforma da cuberta no patio traseiro e a mellorada envolvente térmica no edificio sito na rúa das Corredoira das Fraguas, 16 Santiago de Compostela (A Coruña).

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017219S.

Aprobación do expediente de obras de execución do proxecto de "Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 1ª fase.

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación das obras de execución do proxecto de "Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 1ª fase cun orzamento base de licitación de 347.720,85 € (base impositible de 287.372,60 € máis IVE do 21% polo importe de 60.348,25 €.

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación ao abeiro dos artigos 156 a 158 da LCSP.

Terceiro: autorizar un gasto total por importe de 347.720,85 € que se imputa á aplicación orzamentaria 070 45400 6190000 (Código de proxecto: 2023 2 PPROV 35 6) |

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017013Q.

Aprobación do expediente de obras de execución do proxecto de "Parque infantil no espazo socioeducativo de Rial no lugar de Reibó (parroquia de Laraño)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos POS+ Adicional 2/2023 2ª fase) |

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación das *Obras de execución do proxecto de "Parque infantil no espazo socioeducativo de Rial no lugar de Reibó (parroquia de Laraño)" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 2ª fase*, cun orzamento base de licitación de 124.999,99 € (base impositiva de 103.305,78 € máis IVE do 21% de 21.694,21 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación, ao abeiro dos artigos 156 a 158 da LCSP.

Terceiro: Autorizar o gasto correspondente por importe de 124.999,99 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 17100 6090000 (2023 2 PPROV 35 7). |

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00048616W.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción da "Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira) / Fase I. Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1º fase Deputación Provincial da Coruña". |

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción da "Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira) / Fase I. Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1º fase Deputación Provincial da Coruña", nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto. |

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00022303Q.

Autorización da cesión da praza número 142 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela. |

Acórdase autorizar a cesión da praza número 142 do aparcamento de Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela, adquirida por D. Fernando Salceda Romero, a favor de PONTE DA ROSA INVERSIONES, S.L., sinalándolle que de conformidade co disposto no prego de condicións que rexe esta concesión, "o prezo da transmisión non poderá superar o orixinario de cesión, incrementado na cantidade correspondente ás variacións do IPC".

Unha vez formalizada esta cesión notarialmente, deberá presentar a correspondente escritura ó obxecto da súa ratificación. |

13. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00021812P.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAE LPO)- en concepto servizo radiocomunicacións trunking Concello de Santiago xaneiro,



CONCELLO DE SANTIAGO

febreiro e marzo do ano 2024

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación con este expediente. Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de **CATRO MIL NOVECENTOS CATORCE EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (4914,09 €)** segundo relación contable relativa ás facturas **F/2024/673, F/2024/1060 E F/2024/1542** expedidas por TALLERES ELECTROTÉCNICOS DE PONTEVEDRA SC, por un importe mensual de *1.638,03€ para cada un dos tres meses, e cun importe total de 4914,09 €* en concepto de servizo de comunicacións trunking correspondente a *xaneiro, febreiro e marzo* de 2024.

Terceiro: dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00022171E.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda, correspondente á prestación do servizo de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela por SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL.

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ós meses de xaneiro e febreiro de 2024.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de noventa e sete mil oitocentos euros con corenta e catro céntimos (97.800,44€), a prol da entidade SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL, con imputación orzamentaria 060 93200 227060 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

15. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00015725C.

Aprobación do Plan municipal de prevención contra os incendios forestais do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Plan municipal de prevención contra os incendios forestais do Concello de Santiago de Compostela, presentado pola EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS SA., no rexistro o 10 de outubro de 2022 cos números de anotación 2022053598, 2022053604 e 2022053606.

Segundo. Abrir un trámite de información pública para a presentación de alegacións.

16. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00014666S.

Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivolésbico, gay, bisexual, transexual, intersexual e queer (LGBTIQ+) e de prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2024.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, bisexual, transexual, intersexual e queer (LGBTIQ+) e de prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2024.

Segundo. Aprobar o gasto e a retención de crédito polo importe destinado a esta convocatoria de 30.000 euros (TRINTA MIL EUROS) que financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 010 23102 4890100/2024. |

17. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00016847B.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) pola contía de 30.000,00 € |

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) pola contía de 30.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 010-23102-4800001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII). |

18. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00017396P.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. pola contía de 9.000,00 €. |

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P. pola contía de 9.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 010-23102-4890001, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024, artigos 31, 32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII. |

19. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2024/00017757R.

Aprobación do convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de traballos de investigación e actividades de I+D+i en materia de turismo sostible e para a realización de actuacións destinadas á consecución dun Pacto Local por un Turismo Sostible no marco do Plan de Sostibilidade Turística de Santiago, e aprobación do gasto por importe de 120.000 euros con cargo na aplicación orzamentaria 080 43200 6400000 e proxecto de gasto 2020 PSTUR 61 1 Plan de Sostibilidade Turística. |

Acórdase: |

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento de traballos de investigación e actividades de I+D+i en materia de turismo sostible e para a realización de actuacións destinadas á consecución dun Pacto Local por un Turismo Sostible no marco do Plan de Sostibilidade Turística de Santiago.

Segundo. Aprobación do gasto correspondente por valor de 120.000,00 € con cargo na aplicación orzamentaria 080 43200 6400000 e proxecto de gasto 2020 PSTUR 61 1 Plan de Sostibilidade Turística, dos orzamentos municipais de 2024, que se fará efectivo previa emisión de certificación polo centro xestor responsable do convenio da entrega material do obxecto do convenio, formalizándose así a recepción do mesmo.

Terceiro. Notificar esta resolución ás persoas interesadas. |

20. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00018325V.

Aprobación do texto do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia para a xestión do servizo de comedor en nove centros educativos do concello, durante os cursos 2023-2024 e 2024-2025. |

Acórdase a aprobación do texto do Convenio- coas observación recollidas nas consideracións xurídicas do Informe da Asesoría Xurídica- entre o Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia para a xestión do servizo de comedor en nove centros educativos do concello, durante os cursos 2023-2024 e 2024-2025, podendo acordarse, de xeito expreso, polas partes asinantes, antes da súa finalización, a súa prórroga por cursos escolares, cunha duración máxima de 4 anos, ao abeiro do disposto no art.49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. |

21. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00022697L.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas. |

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 10 e o 15 de maio de 2024. |